

17a MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO - 17th ETHNOGRAPHIC FILM  
FESTIVAL MUSEO DO POBO GALEGO  
BASES - RULES AND REGULATIONS

## GALEGO

O Museo do Pobo Galego promove a MICE (Mostra Internacional de Cine Etnográfico) que se celebra en Santiago de Compostela do 29 de marzo ao 2 de abril. A MICE pretende achegar o cinema etnográfico e a antroploxía audiovisual ao público, entendendo o cinema etnográfico como unha ferramenta de investigación, comunicación e creación, no ámbito da representación da diversidade cultural. Busca xerar un espazo de diálogo e intercambio, un foro ao redor de filmes que mostren aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais, tendo como foco principal as persoas, os grupos sociais ou os procesos históricos relevantes relacionados coa antroploxía e a etnografía.

### CONDICIÓNS XERAIS

Para concorrer á MICE, as obras presentadas deberán ter sido producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2019.

Serán valorados como criterios de relevancia, a importancia das cuestións abordadas, a calidade técnica e o sentido estético, a innovación tanto no temático como na maneira de comunicalo, e a relevancia científica.

Os e as autoras ou as produtoras poderán presentar un máximo de dúas obras. Quedan fóra de admisión os traballos proxectados en anteriores edicións da MICE, aqueles cuxas persoas responsables estean involucradas na organización, así como os que teñan un carácter turístico ou publicitario.

### INSCRICIÓN

A inscrición poderase facer a través das plataformas Clickforfestivals, Festhome e Filfreeway. Se houber algunha dificultade para a inscrición en liña poderase solicitar a participación no concurso a través da seguinte dirección de correo electrónico: [mice@museodopobo.gal](mailto:mice@museodopobo.gal)

Para a fase de selección, os filmes poderanse presentar en calquera idioma pero as películas rodadas en idiomas que non sexan galego ou castelán, teranse que presentar con subtítulos, preferentemente en galego e en castelán, ou no seu defecto en inglés. **Se o filme é seleccionado, os subtítulos deberán estar en galego preferentemente, ou en castelán.**

O prazo de presentación de inscricións finalizará o 8 de xaneiro de 2022 ás 23h59.

## SELECCIÓN

A Dirección da MICE constituirá un comité de selección que fará a avaliación das películas recibidas. Este comité será o encargado de decidir cales pasarán a formar parte da Selección Oficial do festival. Ao finalizar o proceso de selección, a organización do festival comunicará a súa decisión ás persoas responsables das películas seleccionadas.

A organización da MICE decidirá os días e as horas de proxección das películas. Unha vez incluída a referencia no catálogo, a película non poderá retirarse unilateralmente da competición.

As películas seleccionadas deberán enviar unha copia de proxección, preferentemente en formato dixital de alta definición. O Festival non aceptará copias que non reúnan as condicións mínimas de exhibición. **A MICE deberá recibir a copia de proxección antes do 15 de marzo de 2022.**

A copia para a proxección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla e tipo de son. A produtora e/ou distribuidora deberá proporcionar á MICE, información e material publicitario (“press kit”, 3 fotografías e cartaz), tráiler e demais material para que o Festival poda promocionar debidamente a película. As obras orixinais enviadas para a súa exhibición deberán coincidir exactamente coa copia remitida inicialmente para a selección. O incumprimento deste requirimento poderá ser motivo de exclusión do filme do concurso.

**O subtítulado** para a proxección nas seccións en competencia deberá estar en galego preferentemente, ou en castelán, e procurarse, na medida do posible, **contemplar criterios de accesibilidade para persoas xordas.**

Finalizado o festival, **os filmes seleccionados**, premiados ou non, **pasarán a formar parte do arquivo MICE Museo do Pobo Galego**, autorizando a consulta privada con fins educativos e de investigación e regulando a súa exhibición, presentación e difusión en mostras e programas culturais e educativos sen ánimo de lucro cos que a MICE ou o Museo do Pobo Galego colaboren.

## XURADOS

Os xurados estarán formados por profesionais do ámbito cinematográfico, audiovisual, antropolóxico e cultural, escollidos pola organización da MICE. O Xurado resérvase outorgar as mencións que considere oportunas. Durante a elaboración do palmarés, o voto do xurado será secreto. As decisións tomaranse por maioría absoluta dos votos. A Dirección do festival poderá asistir as deliberacións pero non participará nas votacións. Non poderán formar parte do Xurado persoas con intereses na produción o explotación dunha película en competición.

## PREMIOS

A Selección Oficial ten dúas seccións en competencia: Internacional e Galicia.

Todos os filmes seleccionados optan a:

- Premio MICE á mellor película etnográfica dotado con 1000 euros, trofeo e diploma.
- Premio AGANTRO á excelencia antropológica outorgado pola Asociación Galega de Antropoloxía, dotado con 500 euros e trofeo.
- Premio CREA á realización dotado con 200 euros e trofeo outorgado pola Asociación galega de Profesionais da dirección e a realización.
- Premio do público tamén outorga un premio que consistirá nun diploma e trofeo acreditativo.
- As películas galegas seleccionadas a concurso optan tamén ao premio MICE Galicia á mellor película etnográfica galega dotado cun premio de 800 euros, trofeo e diploma.

Os premios económicos van suxeitos á lexislación vixente.

A Selección Oficial tamén inclúe a presentación de filmes e pases especiais.

## OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Algunhas actividades do festival celebraranse cunha fórmula mixta, en presencial e en liña.

A persoa que inscribe a obra no festival declara estar autorizada pola produtora a prestar a copia da película e aceptar as normas do certame.

Para a difusión do Festival, a Organización queda autorizada á utilización pública nos medios de comunicación de un fragmento de ate tres minutos de duración das películas seleccionadas.

A persoa que concursa responde da autoría e orixinalidade de cada película presentada, eximindo á Organización de toda responsabilidade en canto ao contido da mesma. **A aceptación da selección e dos premios MICE Museo do Pobo Galego, implica incluír estes galardóns na publicidade posterior do filme.**

A inscrición dunha película equivale á aceptación das condicións do presente Regulamento, cuxa interpretación e aplicación corresponde á Organización.

Este regulamento edítase en galego, castelán e inglés. Para calquera dificultade na interpretación, o texto de referencia é o galego.

## ENGLISH

The Museo do Pobo Galego (Museum of Galician People) organises the Mostra Internacional de Cinema Etnográfico - Ethnographic Film Festival The 17th Mostra de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego will run March 29-April 2, 2022, in Santiago de Compostela.

MICE aims to bring ethnographic cinema and audiovisual anthropology closer to the public, understanding ethnographic cinema as a tool for research, communication and creation, in the field of the representation of cultural diversity. We understand ethnographic cinema in a broad sense; it refers to those productions whose main aim is to show different aspects related to sociocultural realities as well as the way of life of communities. It comprises films with the main focus on people, social groups and relevant historical processes that are related to anthropology and ethnography.

### GENERAL CONDITIONS

The criteria will take into account the relevance of the social questions addressed, the technical quality and the aesthetic sense, the innovation in both its subject matter and its presentation, as well as its scientific relevance. To be eligible for this Festival, the submitted films must have been produced after 1st January 2019.

Film authors may submit a maximum of two films. Films made in different languages from Galician or Spanish must be subtitled in one of these languages or English.

Works shown in previous editions of the MICE and those films produced by people who take part in the Festival's organisation will not be accepted. Likewise, films with a touristic or commercial content are also excluded.

### FILM ENTRY

Films must be submitted one of the submission platforms Filmfreeway, Festhome and Clickforfestivals. Info email [mice@museodopobo.gal](mailto:mice@museodopobo.gal)

For the selection phase, films in any language may be submitted, but films shot in languages other than Galician or Spanish must be submitted with subtitles, in Galician, Spanish or English. If the film is selected, the subtitles should preferably be in Galician or Spanish.

The **deadline for submission of works will end on January 8, 2022 at 23.59 hours.**

## SELECTION PROCESS

The selection of the documentaries in the Official Sections is the responsibility of the Festival. Once the selection process is completed, the organisation will notify their decision to the provided contact(s).

Films screening schedule will be decided by the organisation. Once the film is included in the festival catalogue, its unilateral withdrawal will not be permitted.

A screening copy -preferably high definition digital copy- of the selected film must be sent. The Festival will not accept copies that do not meet the minimum conditions of screening. **Screening copies should be received no later than 15th March 2022.**

The screening copy must include the title, format, screen and sound requirements. A minimum of three digital images of the documentary must also be sent (frames, promotional poster,...), together with the author's films and the additional relevant information.

Original works submitted for screening must be exactly the same as the copy originally sent for selection. Failure to comply with this requirement will result in the submission being disqualified.

**The subtitles for the screening in the competition section should be in Galician or Spanish and will try, as far as possible, to provide accessibility criteria for deaf people.**

**The selected films will become part of the Festival archive, and their use is therefore authorised for research and educational purposes. The submission of a film to the festival implies the acceptance of these rules and regulations.**

## FILM FESTIVAL JURY

The jury reserves the right to award mentions as they deem appropriate. The vote of the jury will be secret while the process of selecting the awards takes place. Decisions will be made by absolute majority of votes. The Festival organisers may attend the deliberations but will not participate in the voting. Any person who may have an interest in the film production or commercialisation will be unable to be part of the jury.

## AWARDS

The Official Selection has two sections: International Section and Galicia Section.

All selected films are eligible for the following awards:

- Best Ethnographic Film Award consists of €1000 and a trophy.
- AGANTRO Award (Galician Association of Anthropology) consist of €500 and trophy.
- CREA Award (Galician Association of Management and Realization Professionals) consist of €200 and a trophy.
- Audience Award consists of a diploma and a trophy.
- Galician films also choose to Best Galician Ethnographic Film Award consists of €800 and a trophy.

The Official Selection also includes the presentation os films out of competition and special screenings.

Financial awards are subject to current legislation.

## FURTHER CONSIDERATIONS

Some festival activities wil be held on-site and online.

The person responsible for entering the film in the Festival must be authorised to lend a copy of the film by the production company and will accept the festival rules and regulations.

The Organisation is authorised to make public use in the media of film footage of up to three minutes of the selected films.

Acceptance of the award implies its inclusion in the subsequent advertising of the film. The person submitting the work will be responsible for the authorship and originality of each film submitted; the Organisation is exempt from any responsibility with regards to the film contents. **The acceptance of the MICE selection and award means to include it in the later advertising.**

The submission of a film implies the acceptance of the conditions established in the Rules and Regulations, whose interpretation and application is the responsibility of the Organisation. The festival Rules and Regulations are published in Galician, Spanish and English. The reference version for any problem concerning its interpretation will be the Galician version.

## CASTELLANO

El Museo do Pobo Galego promueve la MICE (Mostra Internacional de Cine Etnográfico) que se celebra en Santiago de Compostela del 29 de marzo al 2 de abril de 2022.

La MICE pretende acercar el cine etnográfico y la antropología audiovisual al público, entendiendo el cine etnográfico como una herramienta de investigación, comunicación y creación en el ámbito de la representación de la diversidad cultural. Busca generar un espacio de diálogo e intercambio, un foro alrededor de películas que muestren aspectos relacionados con distintas realidades socioculturales, teniendo como foco principal a las personas, los grupos sociales o los procesos históricos relevantes relacionados con la antropología y la etnografía.

### CONDICIONES GENERALES

Las obras presentadas deberán haber sido producidas con posterioridad al 1 de Enero de 2019. Serán valorados como criterios de relevancia la importancia de las cuestiones sociales abordadas, la calidad técnica y el sentido estético, la innovación tanto en lo temático como en la manera de comunicarlo, y la relevancia científica.

Los y las autoras y las productoras podrán presentar un máximo de dos obras. Quedan fuera de admisión los trabajos proyectados en la Mostra en anteriores ediciones y aquellos cuyas personas responsables estén involucradas en la organización, así como los que tengan un carácter turístico o publicitario.

### INSCRIPCIÓN

La inscripción se hará a través de las plataformas Clickforfestivals, Festhome y Filmfreeway. Si hubiese algún problema para la inscripción en línea se puede solicitar la misma a través del correo [mice@museodopobo.gal](mailto:mice@museodopobo.gal)

Las películas pueden presentarse en cualquier idioma pero las películas rodadas en idiomas diferentes del gallego o el castellano, tendrán que presentar subtítulos en gallego, castellano o inglés. Si la película es seleccionada deberá exhibirse con subtítulos en gallego o castellano.

El plazo de presentación de inscripciones finalizará el 8 de Enero de 2022 a las 23h59.

### SELECCIÓN

El festival seleccionará las películas que participarán en la Selección Oficial. Al finalizar el proceso de selección, la organización del festival comunicará su decisión a las personas responsables de las películas seleccionadas. La organización de la MICE decidirá los días y las horas de proyección de las películas. Una vez incluida la referencia en el catálogo, la película no podrá retirarse unilateralmente de la competición.

Las películas seleccionadas deberán enviar una copia de proyección, preferentemente en formato digital de alta definición. El Festival no aceptará copias que no reúnan las condiciones mínimas de exhibición. La MICE deberá recibir la copia de proyección antes del 15 de Marzo de 2022.

La copia para la proyección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla y tipo de sonido. La productora/distribuidora deberá proporcionar a la MICE, información y material publicitario (“press kit”, 3 fotografías y cartel), tráiler y demás material adicional que se considere conveniente para que el festival pueda promocionar debidamente la película.

**El subtítulo** para la proyección en la sección de competencia debe ser preferiblemente en **gallego o en español** y tratarán, **en la medida de lo posible, de proporcionar criterios de accesibilidad para las personas sordas.**

Las obras originales enviadas para su exhibición deberán coincidir exactamente con la copia remitida inicialmente. El incumplimiento de este requerimiento podrá ser motivo de exclusión del film de la Sección Oficial a Concurso.

Finalizado el festival, **las cintas seleccionadas pasarán a formar parte del archivo de la MICE**, que podrá utilizar los trabajos seleccionados en Muestras, programas culturales y educativos, sin ánimo de lucro, comunicándoselo a los y las autoras.

## **JURADOS**

Los jurados estarán formados por profesionales del ámbito cinematográfico, audiovisual, antropológico y cultural, escogidos por la organización de la MICE. El Jurado se reserva otorgar las menciones que considere oportunas. Durante la elaboración del palmarés, el voto del Jurado será secreto. Las decisiones se tomarán por mayoría de los votos. La Dirección del festival podrá asistir a las deliberaciones pero no participará en las votaciones. No podrán formar parte del Jurado las personas con intereses en la producción o explotación de una película en competición.

## **PREMIOS**

La Selección Oficial del festival cuenta con dos secciones a concurso: Internacional y Galicia.

Todas las películas seleccionadas a concurso optan a:

- Premio MICE a la Mejor Película Etnográfica dotado con 1000 euros.
- Premio AGANTRO a la excelencia antropológica otorgado por la Asociación Galega de Antropoloxía, dotado con 500 euros y trofeo.
- Premio CREA dotado con 200 euros y trofeo, otorgado por la Asociación de profesionais da dirección e a realización.
- El público también otorga un premio que consistirá en un diploma y trofeo.

- Las películas gallegas seleccionadas optan al premio MICE a la Mejor Película Etnográfica gallega dotado con 800 euros.

Los premios económicos van sujetos a la legislación vigente.

## **OTRAS CONSIDERACIONES**

Algunas actividades del festival se celebrarán con una fórmula mixta, presencial y online.

La persona que inscribe la obra en el Festival declara estar autorizada por la productora a prestar la copia de la película y aceptar las normas del certamen. Para la difusión del Festival, la Organización queda autorizada a la utilización pública en los medios de comunicación de un fragmento de hasta tres minutos de duración de las películas seleccionadas.

**La aceptación de la selección y premios implica la inclusión de este en la publicidad posterior de la película.**

La persona que concurra responde de la autoría y originalidad de cada película presentada, eximiendo a la Organización de toda responsabilidad en cuanto al contenido de la misma.

La inscripción de una película equivale a la aceptación de las condiciones del presente Reglamento, cuya interpretación y aplicación corresponde a la Organización.

Este reglamento se edita en gallego, castellano e inglés. Para cualquier dificultad en la interpretación, el texto de referencia es el gallego.